



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Proxecto de Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal no mes de outubro en Galicia polo que se modifica o decreto 180/2006 do 19 de outubro
- Decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, que pasa a denominarse Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se aceptan as doazóns de bens culturais feitas por determinadas persoas á Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establecen medidas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón o cese de Antolín Rodríguez Suárez como secretario xeral do Servizo Galego de Saúde
- Decreto polo que se dispón o cese de Pablo Vaamonde García como director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde



- Decreto polo que se nomea a Cayetano Rodríguez Escudero secretario xeral do Servizo Galego de Saúde
- Decreto polo que se nomea a Julio Villar Barreiro director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Vigo para a realización do curso de doutoramento e especialización *Menores en situación de desprotección e conflito social*

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se outorga a Manuel Piñeiro Camiña, titular da explotación mineira “A.E. Costa da Laxa nº 239”, situada no termo municipal de Ponte Caldelas a autorización previa á licenza municipal prevista na disposición transitoria décimo segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Acordo polo que se outorga a Emeterio Vega Rodríguez, titular da explotación mineira “Mondoñedo fracción 2ª nº 553.02”, situada nos termos municipais da Pastoriza e Mondoñedo, a autorización previa á licenza municipal prevista na disposición transitoria décimo segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Acordo polo que se outorga a David Fernández Grande, S.L., titular da explotación mineira “Liñar da Raíña nº 1532”, situada nos termos municipais de Pontearreas e Mos, a autorización previa á licenza municipal prevista na disposición transitoria décimo segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo, co obxecto de



promover a creación de servizos de prevención mancomunados no ámbito da minaría de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se conceden subvencións aos Consellos Reguladores das Denominacións de Calidade para financiar os seus gastos de funcionamento

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), en Santiago de Compostela
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e os bispos das dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de actuacións no patrimonio artístico de propiedade eclesiástica
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Deporte para o financiamento das obras do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre en Campo Lameiro (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan de Saúde 2006-2010

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e a Mancomunidade de concellos do Salnés para a creación dun centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, por un importe de centro sesenta e nove mil trescentos euros (169.300 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e o Concello de Viveiro para a creación dun centro de recollida de animais abandonados, por un importe de sesenta mil euros (60.000 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Valdoviño, para a execución das obras "Mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Condución xeral para abastecemento de Valdoviño. 1ª fase. Treito: estacionamento de tratamento de auga potable –Mosende.



Valdoviño (A Coruña)", clave OH. 215.715, por importe de catrocentos noventa e nove mil novecentos euros e oitenta céntimos (499.979,80 €)

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Fornelos de Montes para a execución das obras: "Pequenas obras de saneamento. Saneamento en Calvos. Fornelos de Montes (Pontevedra)", clave OH.336.679, por importe de trescentos dezasete mil novecentos trinta e oito euros e corenta e cinco céntimos (317.938,45)
-
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Irixo. O Irixo (Ourense), clave OH.532.546, por importe de douscentos noventa e seis mil oitocentos sesenta euros e dezaioito céntimos (296.860,18 €)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA), para realizar un documento base para a estratexia galega de educación ambiental, por un importe de oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €)

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se da aprobación definitiva do proxecto sectorial e do correspondente proxecto de reurbanización do parque empresarial de Muros

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe da Consellería de Medio Ambiente sobre precipitacións rexistradas en Galicia no mes de outubro de 2006

O GOBERNO GALEGO APROBA A LEI DO TRABALLO EN IGUALDADE CO OBXECTIVO DE GARANTIR OS DEREITOS DAS MULLERES E REFORZAR A SÚA AUTONOMÍA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia promovido pola Consellería de Traballo, que favorecerá o crecemento do país***
- ***A nova normativa, elaborada pola Consellería de Traballo, foi consensuada cos axentes sociais, laborais e económicos da Comunidade***
- ***Os datos revelan que na actualidade o salario medio das mulleres é o 73 por cento do dos homes e que as mulleres directivas teñen só o 20 por cento de peso nas ocupacións de dirección***
- ***O texto fundaméntase na necesidade de intervir de forma activa para rematar co ‘teito de cristal’ co que as mulleres son discriminadas no eido laboral, a pesar de contar xa con lexislación que ampara os seus dereitos como traballadoras***
- ***O Goberno galego creará a Marca Galega de Excelencia en Igualdade para beneficiar ás empresas que potencien a igualdade no emprego***
- ***Desta maneira, a Administración autonómica promoverá plans de igualdade nas empresas, así como órganos de carácter interinstitucional, para promover un reparto equitativo das tarefas sociais e familiares historicamente encomendadas ás mulleres***
- ***O obxectivo é rematar coa discriminación horizontal e vertical da muller traballadora, ata agora relegada só a determinadas áreas de traballo relacionadas coa prolongación do ámbito familiar e do fogar (como o sanitario ou a asistencia social), e con permanentes dificultades de ascenso na pirámide empresarial***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, un ambicioso texto legal que nace co obxectivo de conseguir que as traballadoras teñan as mesmas oportunidades que os seus compañeiros masculinos de forma real e efectiva. A Consellería de Traballo, baixo a dirección de Ricardo Varela, abordou esta normativa en permanente comunicación cos axentes sociais, laborais e económicos da Comunidade Autónoma. O resultado é un texto consensuado en que se tiveron en conta as demandas de asociacións, así como consideracións dos sindicatos e organismos de representación empresarial e que suporá unha operación política que favorecerá o crecemento do noso país.

A nova normativa fundaméntase na toma de conciencia de que a discriminación sufrida polas mulleres é a máis antiga e persistente no tempo, a máis estendida no ámbito territorial, a que máis formas revestiu ao longo da Historia, e a que afecta ao maior número de persoas. Se nos cinguimos unicamente ao terreo laboral no ámbito xeográfico galego, as cifras son reveladoras: o 54% das mulleres que traballan fóra da casa concéntranse en só o 13% das actividades; só o 4% das mulleres que traballan o fai nos sectores con máis oportunidades de traballo, nos cales se emprega o 60% da poboación; o salario medio das mulleres é o 73% do dos homes; as mulleres directivas teñen só o



20% de peso nas ocupacións de dirección; por cada 14 homes ocupados hai 10 mulleres, e por cada 10 homes parados hai 16 mulleres desempregadas; 4 de cada 10 mulleres padece precariedade laboral, que afecta sen embargo a 3 de cada 10 homes; e só o 34% dos afiliados por contra propia son mulleres.

Non se trata só dun cambio nos tempos de traballo, nin da repartición do emprego. A proposta vai moito máis alá dun asunto de horas, implica considerar a complexidade da vida diaria, os distintos tempos que a configuran e as relacións entre uns e outros para intentar unha xestión do tempo na súa globalidade tendo como obxectivo fundamental a vida humana.

Aplicar a esencia da democracia

A paridade é unha proposta política na cal se basean as sociedades democráticas máis avanzadas ao propoñer unha estratexia temporal destinada a distribución de recursos e de poder igualitario entre homes e mulleres. Para o Goberno galego, implantar políticas paritarias significa aplicar a esencia da democracia aos dereitos de cidadanía, porque unha democracia só está lexitimada se os seus homes e as súas mulleres poden exercer plenamente estes dereitos. En definitiva, o compromiso da Consellería de Traballo é o de ampliar os límites da democracia.

A metade da poboación, as mulleres, cada día está máis formada culturalmente, máis cualificada profesionalmente e máis decidida a participar en igualdade nos sectores produtivos. Pero pola contra, as mulleres sofren prexuízos non cuantificables, por canto están relacionados coas súas responsabilidades fóra do centro de traballo. Nelas recaen na meirande parte dos casos as obrigas familiares que dan lugar ao que se denomina *xornada interminable*. Asemade, a visión negativa da maternidade deposita sobre as traballadoras unha falsa imaxe de baixa produtividade e absentismo laboral. De aí o *teito de cristal* que impide na práctica que as traballadoras accedan a postos de responsabilidade e decisión e, polo tanto, de maior retribución e estatus profesional.

Aínda que traballadores e traballadoras son iguais ante a lei en virtude da Constitución, o Goberno galego considera que cando un dereito neutral se enfrenta a un estado de desequilibrio social entre os sexos, no cal os homes están firmemente asentados nas elites políticas e sociais, este dereito é incapaz de desempeñar unha función de equiparación. O proxecto de Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia xorde do convencemento de que a sociedade exige un paso adiante para erradicar o paradoxo do recoñecemento legal dun dereito e a incapacidade na práctica para exercelo. Ademais, levaranos a afondar na democratización da nosa sociedade.

Esta lei inspírase na filosofía moral e política da igualdade, e isto porque a igualdade ten un carácter profundamente civilizador cando se crean as condicións que fan posible o seu desenvolvemento. Así, o seu espírito parte de que nin a reprodución humana nin a sustentabilidade da vida corresponden en exclusiva ás mulleres, senón a toda a sociedade.



O obxectivo desta lei é conseguir que as mulleres deixen de sufrir a *discriminación horizontal*, a segregación que consiste en que as traballadoras adoitan ser ocupadas en labores que constitúen prolongacións das tarefas realizadas no ámbito doméstico, nesta ocasión retribuídas, pero cun salario normalmente moi inferior ao correspondente en traballos de igual valor realizados maioritariamente por homes.

Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia quere actuar contra a *discriminación vertical*, que fai que os homes ocupen os traballos máis cualificados, mellor pagados e con maior significación xerárquica. Trátase de postos cun perfil basicamente masculino, o que fai que a pirámide de traballo estea ocupada na base maioritariamente por mulleres, mentres que a cúspide é asoballadoramente masculina.

Unha lei transversal

A Lei de Traballo en Igualdade das mulleres de Galicia establece a transversalidade no exercicio nas políticas de emprego e relacións laborais, que exercerá o departamento da Administración autónoma con competencias na área de traballo, coa colaboración co correspondente en materia de igualdade.

A norma desenvolve o concepto de *boa fe ocupacional*, de tal maneira que non se considerará discriminación a adxudicación de postos a mulleres por razón específica do seu sexo cando a función que vaian desempeñar así o requira. Trátase, por exemplo, dos postos relacionados coa atención a vítimas da violencia de xénero.

O texto lexislativo establece a creación dunha unidade administrativa de igualdade dentro do departamento autonómico encargado da materia de traballo. Este departamento traballará da man co organismo da Xunta con competencias en Igualdade e terá funcións de asesoramento en materia de xénero, coa finalidade de impulsar a participación equilibrada de mulleres e homes nos postos de traballo, así como no deseño de formación en materia de igualdade. Tamén se encargará do asesoramento ás empresas, da revisión de convenios colectivos e de elaborar vixilancia e ditames sobre o cumprimento da lei.

Marca Galega de Excelencia en Igualdade

Para a lograr a implicación das empresas, o proxecto de Lei do traballo en igualdade regulará os plans de igualdade que se articulen nelas, así como a súa responsabilidade social. Asemade, crea a Marca Galega de Excelencia en Igualdade. Os plans de igualdade serán de obrigado cumprimento para organismos autónomos e entidades públicas empresariais con participación da Comunidade Autónoma de Galicia. Serán voluntarios para as demais empresas, pero contarán co apoio económico e técnico a través dunha convocatoria anual da Xunta.

A concesión a unha empresa da Marca Galega de Excelencia en Igualdade virá determinada polos resultados que a entidade presente á Administración autonómica sobre os parámetros de igualdade existentes na súa organización. Da concesión desta marca derivaranse dereitos e facultades relativos á súa utilización comercial, así como a consideración dos gastos destinados á implantación de plans de igualdade, subvención

das cotizacións sociais por accidentes e enfermidades laborais e preferencia na adxudicación de contratos da Comunidade Autónoma.

Neste proceso, a Xunta de Galicia toma en consideración de xeito especial ás cooperativas, porque os principios deste tipo de sociedades as fan especialmente eficaces na procura de máis niveis de igualdade. Por iso, tras a entrada en vigor da lei, a Xunta remitirá ao Parlamento un proxecto de lei para modificar a Lei de cooperativas de Galicia, coa finalidade de que atenda ás novas necesidades do eido do cooperativismo e reforce o principio de igualdade e non discriminación por mor de sexo.

A igualdade na negociación colectiva

Tendo en conta que as relacións laborais en Galicia entraron nunha nova etapa, caracterizada pola inclusión dos dereitos fundamentais que van ser amparados pola Lei do traballo, neste novo escenario unha peza fundamental é a negociación colectiva.

O novo texto legislativo elaborado pola Consellería de Traballo inclúe a creación da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na negociación colectiva. Será un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade, adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais. Terá competencias na redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade.

En virtude da lei, impulsarase ademais un acordo marco interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidade entre mulleres e homes. Nese senso, o concepto tradicional segundo o que a igualdade e a eficiencia económica se exclúen mutuamente está obsoleto. O empresariado galego non pode nin quere anquilosarse no pasado e, por iso, implica a asunción da igualdade como parte substancial das políticas empresariais.

Integración da igualdade na formación

A normativa establece, por outra parte, a integración do concepto de igualdade nas políticas activas de emprego e na formación profesional. Como consecuencia, en calquera actividade formativa poderán implantarse medidas de acción positiva, e serán incorporados contidos obrigatorios sobre igualdade de oportunidades e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, con profesorado especializado.

Do mesmo xeito, as axencias de colocación velarán pola aplicación do principio de igualdade no acceso ao mercado laboral. Asemade, promoverase a incorporación de actividades feminizadas e realizadas sen remuneración á lista de cualificacións profesionais. Trátase de impulsar a profesionalización de determinadas actividades principalmente asumidas por mulleres e que non posúen recoñecemento en ningunha categoría profesional como poden ser algunhas actividades relacionadas co mar –como as redeiras- ou coidadoras, entre outras, que principalmente se encadran no denominado “traballo sumerxido”.

Prevención de riscos laborais

O proxecto de lei conta cunha epígrafe específica sobre a integración de igualdade na política preventiva de riscos laborais. Así, promove a realización de estudos para obter datos desagregados por sexo no ámbito da saúde laboral. Establece formación específica sobre saúde laboral e prevención de riscos desde a perspectiva de xénero, así como a adaptación de equipos de protección, circunstancias do posto de traballo e condicións da súa execución aos diversos condicionantes de xénero.

Asemade, articularanse medidas para combater en orixe os riscos derivados das condicións de traballo que poidan afectar negativamente o embarazo, o parto e a lactación natural, e realizaranse actuacións en materia de prevención de riscos laborais sobre sectores laborais feminizados.

Bancos de tempo

Un dos aspectos máis innovadores do proxecto de lei é o regulamento dos bancos municipais de tempo e os plans de programación do tempo da cidade, medidas que xestionarán os concellos, coa colaboración da Xunta de Galicia. A súa función será contribuír á mellora da conciliación de vida familiar e laboral, e nutriranse de redes comunitarias de apoio á conciliación ou, en casos excepcionais, a través de persoal municipal ou contratado para o efecto. Neste aspecto, será un obxectivo prioritario facilitar o descanso de quen coida persoas dependentes.

Os plans de programación de tempo pretenden, mediante a coordinación dunha persoa responsable e unha mesa de concertación, con ampla participación de actores sociais, coordinar os horarios da cidade coas exixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.

Novo órgano de participación

O Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais será un órgano de participación mediante unha canle de libre adhesión das asociacións de mulleres, no cal se integrarán as secretarías de Muller dos sindicatos e da Confederación de Empresarios e Empresarias de Galicia. Tamén incluírá representación do departamento da Administración autonómica con competencias en Igualdade.

Por último, o proxecto de lei leva a cabo unha importante reforma no ordenamento xurídico para adaptar as normas autonómicas vixentes ao marco que introduce e, en concreto, as normas sobre igualdade, función pública, sociedades cooperativas, a regulación da Xunta e do seu presidente, e sobre a actuación en materia de persoal e contratación nas empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia.

En definitiva, a igualdade entre homes e mulleres constitúe o sangue do proxecto do Goberno de Galicia, e esta Lei é o instrumento máis potente cara ao cumprimento do mandato constitucional que obriga aos poderes públicos á consecución da Igualdade Material.





A XUNTA APROBA UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS OCASIONADOS POLO TEMPORAL EN DIFERENTES MUNICIPIOS DE GALICIA

- ***Establécense diferentes liñas de axudas encamiñadas a cubrir danos persoais; danos causados en vivendas e enxoval doméstico; reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados; danos en explotacións agrícolas, gandeiras e marisqueiras; danos en establecementos comerciais e turísticos; e axudas a entidades locais***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal no mes de outubro en Galicia polo que se modifica o decreto 180/2006 do 19 de outubro. Deste xeito, esténdese a cobertura das axudas previstas no decreto aos municipios afectados polo temporal ao longo deste mes, ao tempo que se habilitan axudas para as explotacións marisqueiras.

Ao abeiro deste decreto, establécense diferentes liñas de axudas encamiñadas a cubrir danos persoais, danos causados en vivendas e enxoval doméstico, reparación de infraestruturas e equipamentos privados danados, danos en explotacións agrícola, gandeiras e marisqueiras, compensación de danos sufridos en establecementos comerciais e turísticos e axudas a entidades locais.

As axudas públicas reguladas no Decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta desenvolveranse ao abeiro de disposicións específicas de diferentes departamentos autonómicos, que serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*. Así, estableceranse axudas concretas desde as Consellerías de Presidencia; Economía; Política Territorial; Innovación e Industria; Medio Rural; Pesca; Medio Ambiente e Vivenda.

Axudas por danos persoais

Estas axudas prevense para cubrir situacións xeradas por lesións que causasen a hospitalización de feridos ou de ser o caso incapacidade absoluta permanente por mor das consecuencias das enchentes. Pagaranse entre 60 e 103 euros por día para cubrir gastos de hospitalización.

Cobertura de danos en vivendas e enxoval doméstico

Paralelamente, serán obxecto de axuda os danos causados na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores, na parte non comprendida nas axudas que puidesen aprobar outras administracións públicas. Cubrirase ata o 100 por cento do valor de reparación ou reposición do inmovible danada, sen que, en ningún caso, o importe da dita axuda poida superar o límite do 100 por cento do prezo de venda dunha vivenda de promoción autonómica de prezo xeral na mesma localidade.

Así mesmo, serán obxecto os danos causados no resto das vivendas, ata acadar o 40 por cento do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 40 por cento do prezo de venda dunha vivenda de



protección autonómica na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse, polo menos, á vivenda ocasional. O texto do decreto sinala que se entende tamén por vivenda, para acollerse a estas axudas, as construcións anexas e instalacións complementarias e elementos comúns de comunidades de propietarios.

Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade. O importe da axuda será do 100 por cento ou do 40 por cento dos gastos de reparación ou reposición dependendo de que o enxoval sexa o da vivenda habitual e permanente ou o da vivenda ocasional, respectivamente.

Os beneficiarios destas axudas serán os propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios dos bens referidos que sufragaran os gastos necesarios de reparación ou reposición.

Reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados

Tamén se establecerán axudas para a reparación dos danos causados polas inundacións en infraestruturas de titularidade privada tales como camiños forestais e captacións de auga.

Axudas para explotacións agrícolas, gandeiras e marisqueiras

Paralelamente, o decreto recolle que serán obxecto de axudas os danos causados por mor das enchentes nas explotacións agrícolas, gandeiras e marisqueiras que non fosen cubertas polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado.

Axudas para establecementos comerciais

Así mesmo, cubriranse danos directos provocados nos establecementos comerciais, mercantís, industriais ou turísticos como consecuencia das enchentes, nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

Axudas ás entidades locais

Finalmente, serán obxecto de axudas ou de actuación directa sobre os bens afectados os danos provocados en infraestruturas locais non previstos nas axudas que para o efecto puidesen aprobar outras administracións, así como os gastos extraordinarios en que incorresen como consecuencia directa das fortes choivas.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

- ***O organismo pasará a denominarse Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia***

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou un decreto polo que se acepta o cambio de denominación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, que pasa a denominarse Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

De acordo co establecido na Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega transfere a Galicia, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta. Así, a aprobación do cambio de denominación dun colexio profesional debe realizarse por medio de decreto do Consello da Xunta de Galicia.



APROBADO O DECRETO POLO QUE SE ACEPTA A DOAZÓN DUN CONXUNTO DE OBRAS DE ARTE EN FAVOR DA COMUNIDADE GALEGA

- ***O conxunto doado inclúe publicacións seriadas, monografías, fotografías en cor e branco e negro do século XX, cadros, gravados, basas de columnas romanas e aparellos artesanais***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un decreto polo que se acepta a doazón dun conxunto de obras de arte en favor da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa exhibición no Museo Etnolóxico de Ribadavia, o Museo Massó, o Centro de Investigacións Agrarias situado en San Tirso de Mabegondo, en determinados museos de Santiago de Compostela e nas dependencias da Xunta de Galicia.

O conxunto doado componse de diversas publicacións seriadas, monografías, fotografías en cor e branco e negro do século XX, un gravado de J. Basire, un cadro de Leopoldo Varela e outro de Antonio Fernández Fernández, dúas basas de columnas romanas pertencentes ao século II d. C. e unha debulladora de millo do século XX.

As fotografías en cor e branco e negro do século XX doadas por Fernando García Fernández, Carmen Gómez Gómez, Bernardo Dávila Pérez, Antonio Vergara Vergara, Francisco Xabier García Janeiro, José Ramón Estévez Pérez, Antonia Sousa Sousa e Michael Skinner Pérez serán cedidas ao Museo Etnolóxico de Ribadavia. O gravado propiedade de Caixanova e as basas de columnas romanas de José Ramón Domínguez Sobral trasladaranse ao Museo Massó. O cadro de Leopoldo Varela exhibirase nas dependencias da Xunta de Galicia en San Caetano ou nalgún museo de Santiago de Compostela e, finalmente, a debulladora de millo propiedade de Amparo Mariño Rodríguez será custodiada polo Centro de Investigacións Agrarias en San Tirso de Mabegondo.



A XUNTA FACILITARALLE O ACCESO Á PROPIEDADE A TITULARES DE ARRENDAMENTOS HISTÓRICOS E PARZARÍAS

O conselleiro do Medio Rural informou o Consello da Xunta da creación dun proxecto de decreto destinado ao establecemento de liñas de axudas para facilitarlles a titulares de arrendamentos históricos e parzarías de predios rústicos o exercicio do dereito de acceso á propiedade dos predios arrendados ou levados en parzaría.

O proxecto de decreto recolle os requirimentos que deben cumprir as persoas beneficiarias das axudas destinadas a titulares dos arrendamentos históricos e parzarías que exerzan o dereito de acceso á propiedade, tales como a acreditación de seren agricultores profesionais, titulares dunha explotación agraria economicamente viable; ser posuidores de competencias e habilidades suficientes, cumprir as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar animal; estar afiliados ao réxime da Seguridade Social e ao día das obrigas fiscais e da Seguridade Social, co fin de que presenten a correspondente solicitude, que será sempre posterior á adquisición de bens, no prazo establecido na correspondente convocatoria.

No caso de que a persoa solicitante estea xubilada, poderáselle conceder a axuda sempre que no seu cónxuxe ou nalgún dos seus descendentes cos que conviva, concorran os requisitos para a persoa beneficiaria e traballen na súa explotación.

As persoas que resulten beneficiarias das axudas teñen que comprometerse, durante os seis anos posteriores á súa aprobación, a manter a explotación e a cultivar os predios adquiridos, a permanecer no réxime da Seguridade Social que lles corresponda e a non allear os predios adquiridos.

As liñas de axuda, en réxime de reintegro dos custos, poderán consistir en subvencións directas de capital, cun límite máximo de 100.000 euros, ou en subvencións de tramitación.



XUNTA E UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORARÁN NUN CURSO DE DOUTORAMENTO SOBRE MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN SOCIAL

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de cooperación para este programa de especialización no cal a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar investirá 10.000 euros***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Vigo para a realización do curso de doutoramento e especialización *Menores en situación de desprotección e conflito social*. A este programa formativo, que se desenvolverá entre outubro do 2006 e xuño de 2007, a Xunta destinará un total de 10.000 euros.

O obxectivo do curso de doutoramento é a formación de licenciados en todos os aspectos relacionados coa protección e reforma do menor co fin de solucionar os problemas xurídicos neste ámbito, sobre todo tendo en conta as transformacións que veñen experimentando as leis substantivas e o sistema de administración de Xustiza e administración autonómica dedicados á protección xurisdiccional dos dereitos dos nenos, á resolución dos conflitos xurídicos producidos no seo da familia e no campo da delincuencia xuvenil.

O programa formativo admitirá un máximo de vinte alumnos que, ademais dos módulos teóricos, deberán realizar con posterioridade ao período docente traballos de investigación tutelados. Os contidos do programa do curso abranguen a normativa internacional, estatal e autonómica de protección do menor; protección civil; protección internacional privatista; asistencia da Administración; perfil psicolóxico do menor en situación de risco; protección procesual-civil; dereito penal ante o menor, e proceso penal de menores, entre outras materias.



POLÍTICA TERRITORIAL AUTORIZA TRES EXPLOTACIÓNS MINEIRAS EN PONTE CALDELAS, A PASTORIZA-MONDOÑEDO, E PONTEAREAS-MOS

O Consello da Xunta autorizou hoxe tres acordos polos que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes concede autorización previa á licenza municipal ás explotacións mineiras “A.E. Costa da Laxa” (situada no lugar de Taboadela, no concello de Ponte Caldelas), a “Mondoñedo fracción 2ª” (nos termos municipais da Pastoriza e Mondoñedo), e a “Liñar da Raíña” (en Ponteareas e Mos).

As autorizacións, que nos tres casos contan con informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, correspóndense unicamente con actividades extractivas, polo que calquera construción, edificación ou instalación vinculada a ela deberá obter a preceptiva licenza autonómica.

No caso das tres explotacións mineiras citadas, a superficie afectada atópase clasificada como solo non urbanizable de protección de zonas forestais, aínda que en ningún caso se atopan en espazos afectados pola decisión da Comisión Europea considerados como lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Para o solo rústico de protección forestal, a Lei 2/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (máis coñecida como Lei do Solo) considera como uso autorizable pola Comunidade Autónoma as “actividades extractivas, incluída a explotación mineira, as canteiras e a extracción de areas e terras”.

Esta mesma normativa establece que as explotacións mineiras que non contan coa preceptiva licenza “para continuar a súa actividade ou ampliar a explotación deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. O Consello da Xunta valorará a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes”.

INNOVACIÓN E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PROMOVERÁN A CREACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN MANCOMUNADOS NO ÁMBITO DA MINARÍA DE GALICIA

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e a Universidade viguesa para a realización dun estudo na materia***
- ***O convenio facilitará a integración da prevención de riscos laborais nos procesos produtivos da minaría e a diminución das cifras de sinistralidade***

A Consellería de Innovación e Industria financiará a realización dun estudo tendente á creación de servizos de prevención mancomunados no ámbito da minaría de Galicia, que será desenvolvido pola Universidade de Vigo. Así o establece o acordo de colaboración entre ambas as entidades cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta. A Consellería achegará para a realización deste proxecto un total de 94.000 euros en tres anualidades. A creación de servizos de prevención mancomunados no ámbito da minaría responde ao obxectivo de conseguir unha maior integración da prevención en cada unha das empresas do sector.

Os beneficiarios directos deste proxecto serán as empresas da minaría galega e os seus empregados e, de xeito indirecto, posto que terá unha incidencia no ámbito da sinistralidade laboral, toda a sociedade galega. Tamén será positivo para a Administración pública galega, que é quen está a promover a través de normativas, regulamentos, cursos, entre outros, un cambio na mentalidade dos traballadores e empresas para que se involucren máis na prevención de accidentes.

A subscrición deste convenio permitirá, en primeiro lugar, elaborar unha base de datos xeorreferenciada de todas as empresas mineiras galegas, con datos relativos á actividade desenvolvida por cada unha delas, así como ás súas condicións de seguridade e servizos de prevención de riscos laborais. A partir desta base de datos e mais da cartografía de Galicia construírase unha aplicación SIG na que se incluírán servizos xerais da sociedade en materia de seguridade, como son os hospitais, servizos de atención primaria, bombeiros, protección civil, etc.

Outro dos obxectivos do convenio é deseñar, a partir dos datos do SIG, un servizo mancomunado de prevención de riscos laborais, definindo as empresas mancomunadas en cada servizo, xunto coa súa dotación humana e material e situación xeográfica. Con estas actuacións daranse a coñecer as inmensas posibilidades e melloras que os servizos mancomunados achegarán ás empresas mineiras galegas en materia de seguridade laboral e pulsarase a súa actitude ante o cambio de modelo de prevención proposto.

Mancomunidades

Poden constituírse en mancomunidade as empresas que desenvolvan simultaneamente actividades nun mesmo centro de traballo, edificio ou centro comercial; así como as



empresas pertencentes a un mesmo sector produtivo ou grupo empresarial ou que desenvolvan as súas actividades nun polígono industrial ou área xeográfica limitada.

OS CONSELLOS REGULADORES RECIBIRÁN APOIO DA XUNTA PARA A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS GALEGOS DE CALIDADE

A Consellería do Medio Rural investirá máis de 92.000 euros na concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade co obxectivo de favorecer a comercialización dos produtos galegos con distintivo de orixe.

Medio Rural pretende, coa aprobación deste acordo por parte do Consello da Xunta, defender a promoción de produtos agroalimentarios de calidade que presentan características diferenciadoras, xa que esta medida resulta positiva para o desenvolvemento rural, ao favorecer a garantía de rendas dignas para os produtores, que contribúe á fixación de poboación no ámbito rural.

O pagamento destas axudas realizarase en dúas fases, distribuídas nun 80% e nun 20%, que constituirán a totalidade do importe aprobado e serán concedidas cando os beneficiarios xustifiquen os libramentos anteriores.

ÓRGANO SUBVENCIONADO	SUBVENCIÓN	1ºPAGAMENTO	2º PAGAMENTO
C.R.D.O. RIBEIRO	4.125	3.300,00	825,00
C.R.D.O. VALDEORRAS	8.000,00	6.400,00	1.600,00
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	4.125,00	3.300,00	825,00
C.R.D.O. MONTERREI	8.000,00	6.400,00	1.600,00
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	8.000,00	6.400,00	1.600,00
C.R. DE ORUJO DE GALICIA	8.000,00	6.400,00	1.600,00
C.R.I.X.P.TERNERA GALLEGA	4.125,00	3.300,00	825,00
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	8.000,00	6.400,00	1.600,00
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	8.000,00	6.400,00	1.600,00
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	8.000,00	6.400,00	1.600,00
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	4.125,00	3.300,00	825,00
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	4.125,00	3.300,00	825,00
C.R.D.O. ARZÚA-ULLOA	4.125,00	3.300,00	825,00
C.R.D.O.P. CEBREIRO	3.067,00	2.453,60	613,40
C.R.D.O. P. SAN SIMÓN DA COSTA	4.125,00	3.300,00	825,00
C.R. AGRICULTURA ECOLOXICA DE GALICIA	4.125,00	3.300,00	825,00
TOTAL €	92.067,00	73.653,60	18.413,40

XUNTA E FOMENTO ASINARÁN UN CONVENIO PARA REALIZAR O PARQUE DE ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO

- ***A Consellería de Cultura e Deporte xestiona o proxecto e fornece a metade dos 5,4 millóns de euros en que está orzamentado***
- ***Ábrese así a vía para materializar un proxecto que funcionará como un recurso de desenvolvemento para a comarca***

Na reunión de hoxe do Goberno galego deuse o visto e prace á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Ministerio de Fomento, valorado en 5,4 millóns de euros. Mediante este convenio, o departamento autonómico de Cultura achegará a metade dos cartos para construír un centro que será o referente para coñecer a arte rupestre.

O convenio establece que o Ministerio e a Consellería participen a partes iguais con 2,75 millóns de euros. Pola súa banda, o Ministerio farase cargo do 1% cultural. O investimento distribuirase en 4 anualidades ata o 2009. Para entón xa estarán rematados o edificio e o acondicionamento dos espazos exteriores do propio xacemento.

Centro de investigación e de difusión

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre constitúe un dos catro parques proxectados dentro da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico e será referente clave para poder protexer e coñecer a arte rupestre. O centro porá en valor máis de 80 rochas con arte rupestre situadas dentro do parque e desenvolverá mecanismos efectivos para a súa protección e promoción.

Cunha superficie de 218.750 metros cadrados, o centro funcionará como un foco de desenvolvemento para a comarca. Os visitantes poderán acceder a visitas de calidade aos restos arqueolóxicos e contarán con información sobre a orixe das mostras de arte rupestre e sobre as técnicas empregadas para a súa elaboración.

O edificio estará construído en dous andares. No primeiro deles haberá dúas grandes salas para exposicións e tamén estarán situadas a cafetería e unha tenda. O segundo andar contará coa biblioteca e o centro de documentación, o laboratorio, unha sala de usos múltiples e diversas aulas.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 350.000 EUROS NA RESTAURACIÓN DE NOVE MONUMENTOS ECLESIAÍSTICOS

- ***A Consellería de Cultura asinará un convenio coa Igrexa para intervir nas seis dióceses de todo o país***

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, investirá 350.000 euros na rehabilitación de nove monumentos pertencentes ao patrimonio artístico de titularidade eclesiástica. O Consello da Xunta aprobou a sinatura do convenio que posibilitará estas actuacións e que será asinado proximamente pola conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e o bispo emérito da diocese de Vigo, José Cerviño Cerviño, en representación dos bispos das dióceses que abranguen o territorio de Galicia.

Estas actuacións permitirán protexer e conservar o patrimonio cultural e permitir o mellor aproveitamento sociocultural e o acceso por parte da sociedade en xeral a estes importantes bens culturais. A relación completa das obras é a seguinte:

- Na diocese de Mondoñedo-Ferrol rehabilitarase a igrexa de Santo André de Masma en Mondoñedo. Investiranse 55.300 euros no acondicionamento das cubertas, na drenaxe dos muros, na reparación de revocos e na reposición de instalacións.
- Na diocese de Lugo prevense dúas actuacións. Na igrexa de San Pedro de Arcos (Outeiro de Rei) investiranse 73.925 euros na reforma da cuberta e na demolición de engadidos. Por outra banda, na igrexa de Santiago de Cedrón (Láncara) investiranse 12.175 euros na restauración do cabido.
- Na diocese de Santiago de Compostela restaurarase a igrexa de San Miguel de Brandariz (Vila de Cruces). Na reposición da cuberta, restauración de esfoscados, mellora da instalación eléctrica e cambio da carpintaría interior e exterior investiranse 75.250 euros.
- Na diocese de Tui-Vigo prevense dúas intervencións. En San Fins de Lougares (Mondariz) investiranse 22.450 euros no acondicionamento da cuberta e no cambio do coro. En Santa Comba de Ribadelouro (Tui) investiranse 22.000 euros no cambio do tellado.
- Na diocese de Ourense actuarase en San Pedro de Sanín (Ribadavia) e San Salvador de Lumeares (A Teixeira). Investiranse 46.150 e 20.000 euros respectivamente para a renovación da cuberta.
- Na diocese de Astorga rehabilitarase a cuberta de San Sebastián de Paradela (O Bolo) por valor de 22.750 euros.



Este acordo establécese ao abeiro do convenio marco asinado o 17 de abril de 1985 entre a Xunta e os bispados con presenza en Galicia. Con base neste convenio creouse a Comisión Mixta Xunta-Igrexa co obxectivo de coordinar todas as actuacións que desenvolve a Administración autonómica en relación co patrimonio histórico-artístico que a Igrexa posúe en Galicia. Deste xeito, a Comisión Mixta Xunta-Igrexa elabora unha programación coas actuacións no patrimonio histórico-artístico da Igrexa tras recibir as correspondentes propostas previas das dioceses e que son valoradas.



A XUNTA ACORDA O RECOÑECEMENTO DO MUPEGA COMO MUSEO DE CONTIDO PEDAGÓXICO E CIENTÍFICO-TÉCNICO

- ***O acordo foi adoptado logo de que a Consellería de Cultura e Deporte emitise un informe ao respecto***

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe o recoñecemento do Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA), situado en Santiago, como museo de contido pedagógico e científico-técnico, de ámbito autonómico. Esta decisión, adoptada logo de que a Consellería de Cultura e Deporte emitise un informe favorable ao respecto, permitirá que o centro se circunscriba á rede de museos de Galicia, e pasará a ter a categoría de museo propiamente dita.

O Museo Pedagógico de Galicia, financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, consta de 2.523 obxectos. Practicamente todas as pezas proceden de centros educativos, froito da recolleita levada a cabo por escolas e institutos de ensinanza de toda a Comunidade Autónoma. A colección está inventariada e fotografada, tal e como consta no texto do informe de Cultura.

O informe considera que a colección parte dun plantexamento moi interesante e innovador na Comunidade Autónoma, ao retomar unha iniciativa xa histórica, coa creación dun centro museístico que abrangue todo o territorio galego especializado en materia educativa. A súa finalidade principal non é ouytra que a de promover e desenvolver a recuperación, salvagarda, estudo, mostra e difusión do legado pedagógico da Comunidade Autónoma de Galicia.

O MUPEGA trata, ademais, de centrar a atención na recuperación de bens patrimoniais relacionados coa historia da educación e a memoria colectiva de Galicia.

O proxecto museolóxico e museográfico reflicte amplamente as premisas básicas necesarias nun proxecto deste tipo xa que os espazos foron remodelados baseándose en criterios de practicidade, co fin de facilitar a comunicación entre eles e o tránsito dos visitantes. Prevense, ademais, os condicionantes específicos das pezas para establecer os controis lumínicos e as condicións ambientais.

Tendo en conta estes aspectos, o Consello da Xunta decidiu outorgar a este centro o recoñecemento como museo de contido pedagógico e científico-técnico de ámbito autonómico galego.

APROBADO O PLAN DE SAÚDE DE GALICIA 2006 – 2010, QUE RECOLLE AS ACTUACIÓNS SANITARIAS NOS NOVE PROBLEMAS DE SAÚDE EVITABLES MÁIS IMPORTANTES

- ***Un rexistro de tumores, atención específica aos trastornos afectivos, e medidas especiais para as enfermidades con maior mortalidade en Galicia, como as cardiovasculares, responden aos principais problemas de saúde***
- ***Este Plan ten, entre outros, o obxectivo de reducir a un 2 por cento a porcentaxe de diabéticos descoñecidos; aumentar ata o 85 por cento a cobertura da rede de prevención do consumo de drogas; reducir nun 10 por cento anual os casos de diagnóstico de VIH con signos de atraso; e reducir nun 10 por cento, no horizonte de 2010, as enfermidades do aparato circulatorio***
- ***O plan é froito do consenso, e conta coa participación dos profesionais a través de grupos de traballo que participarán tamén no seguimento e avaliación do plan, e da cidadanía que tivo acceso aos documentos de traballo durante a súa exposición pública a través de Internet***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe as principais accións que se recollen no *Plan de Saúde 2006-2010*, e que supón, con base en criterios obxectivos e acordados, dar resposta aos principais problemas de saúde responsables de numerosas mortes evitables ou de anos potenciais de vida perdidos. Segundo informou a titular de Sanidade, este plan compromete actuacións e que atende ás necesidades inmediatas e futuras, con base nos requirimentos da cidadanía e do propio sistema e nos cambios sociais.

O documento -de 16 obxectivos xerais, 72 específicos e 291 liñas de actuación- configura nove liñas prioritarias, os accidentes de tráfico; a diabetese *mellitus*; os trastornos afectivos; o alcohol, o tabaco e outras drogas; as enfermidades transmisibles; as patoloxías relacionadas co envellecemento; a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica; as enfermidades cardiovasculares; e o cancro.

Dispoñer dun rexistro de tumores na Comunidade Autónoma; reducir a un dous por cento a porcentaxe de diabéticos descoñecidos; asegurar a cobertura e atención integral dos trastornos afectivos promovendo protocolos de actuación conxuntos; reducir a prevalenza dos consumos das distintas drogas creando novos programas de detección, e mellorando a accesibilidade a grupos específicos con patoloxía aditiva; a implantación dun sistema de información de VIH; a elaboración de estratexias sobre hepatite e infeccións por transmisión sexual que agora non existen; o desenvolvemento de protocolos de valoración xeriátrica; coñecer a situación real das enfermidades pulmonares obstrutivas crónicas; ou a coordinación na abordaxe dos accidentes de tráfico son algunhas das claves deste Plan.

Grupos de traballo de altos cargos, técnicos, e profesionais (un total de 111 distribuídos nas nove áreas) constituíronse para aplicar a metodoloxía. O plan configúrase en seis fases. A primeira delas, de recollida de información; a segunda, de análise desa información establecendo os principais problemas; a terceira, de elección daqueles

problemas de saúde causantes de maior número de mortes evitables e anos potenciais de vida perdidos; a cuarta, de elaboración dos grupos de traballo que analizaron as nove prioridades e estableceron as liñas de actuación; unha quinta de desenvolvemento do plan; e unha última fase de avaliación, para obter a información precisa e propoñer novas estratexias.

Accións para as nove prioridades

Unha das prioridades é a diabetese posto que é unha enfermidade que se caracteriza pola súa elevada morbilidade, a perda de calidade de vida das persoas afectadas, e as complicacións que orixinan unha notable causa de invalidez e mortalidade. Un dos factores de risco asociados a ela é a obesidade, polo que os esforzos do plan centranse en promover hábitos de vida saudables. Preténdese reducir a un dous por cento a porcentaxe de diabéticos descoñecidos, determinando cada tres anos a glicemia basal en maiores de 45 anos e a redución de diabetese xestacional no 95 por cento das embarazadas. Proponse desenvolver a formación de persoal sanitario en educación diabetolóxica; o establecemento de exploracións oftalmolóxicas ao inicio da enfermidade e repetila polo menos cunha periodicidade de dous anos; e a exploración anual do pé.

Por outra banda, en Galicia, aproximadamente seis millóns das consultas en Atención Primaria corresponderán a motivos relacionados con trastornos mentais diagnosticables. As liñas de actuación neste eido diríxense a asegurar a cobertura e calidade na atención integral aos trastornos afectivos da poboación galega; promover protocolos de actuación; ou establecer unha guía clínica para trastornos afectivos que promova a mellora da calidade asistencial e diminúa a variabilidade da práctica clínica; e protocolizar as técnicas que desenvolverá o persoal de enfermaría e a asistencia aos trastornos afectivos nos servizos de urxencias.

No que se refire ao consumo de alcohol, tabaco e outras drogas o obxectivo clave é reducir a prevalenza de cada unha delas, as que teñen unha tendencia descendente ou estabilizada, como o tabaco diario, cannabis, drogas de síntese, cocaína, alucinóxenos e anfetaminas; e as que incrementan, como o consumo abusivo de alcohol. Activaranse programas de detección e intervención en adicións a outras drogas en atención primaria e en servizos de urxencias hospitalarios; e aumentarase ata o 85 por cento a cobertura da rede de prevención do consumo de drogas.

As accións en relación coa Infección polo Virus de Inmunodeficiencia Humana (VIH), as Infeccións de Transmisión Sexual (ITS), as hepatites víricas e a tuberculose están encamiñadas á prevención e a estabilización da incidencia anual. No que se refire á SIDA, as claves son implantar un sistema de información de VIH en Galicia en 2007; reducir un 10 por cento anual os casos de diagnóstico de VIH con signos de atraso; e crear o laboratorio de referencia en Galicia para VIH/SIDA en 2009.

En relación ás hepatites víricas, Galicia non ten ningún plan específico, polo que se elaborará unha estratexia de acción fronte a elas en 2007, e se creará un sistema de información. O mesmo sucederá coas infeccións por transmisión sexual implantándose



unha estratexia de acción destinada a coñecer os comportamentos que inciden nas ITS da poboación e grupos específicos.

Por outra banda, o envellecemento da poboación leva consigo un aumento de enfermidades crónicas ou específicas como o Alzheimer e outras demencias. A Sanidade pública galega dá prioridade a que os anos de vida gañados sexan saudables para as persoas; en insistir na prevención e detección precoz da dependencia como o mellor camiño de envellecer na casa con saúde; e a desenvolver plans integrais de cuidados e protocolos de valoración xeriátrica.

Non hai datos precisos sobre enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC) en Galicia, polo que o Plan procurará coñecer a situación real desta; aumentar a supervivencia; mellorar a calidade de vida dos pacientes; e diminuír a prevalenza do tabaquismo. Pola súa banda, reducir nun 10 por cento no ano 2010 é o obxectivo en canto as enfermidades do aparello circulatorio, que constitúen a primeira causa de morte en Galicia. Será a través dunha maior cobertura do programa Progaliem nas diferentes áreas sanitarias, e de que os Centros de Saúde e Puntos de Atención Continuada teñan capacidade de desfibrilación.

Para afondar no problema do cancro, Galicia actualmente ten a limitación que supón non dispor dun rexistro de tumores, polo que o obxectivo será a súa creación. De xeito específico, no cancro colorrectal ofertarase un programa de seguimento organizado aos grupos de poboación con risco elevado; e desenvolverase un programa piloto en Galicia para avaliar a efectividade e posibilidade de activar un programa de cribado da poboación.

Por último, outra das prioridades son as lesións producidas polos accidentes de tráfico. Nesta epígrafe, a Consellería de Sanidade está a colaborar coa Consellería de Política Territorial no desenvolvemento de iniciativas conxuntas.



A SOCIEDADE GALEGA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL ELABORARÁ UNHA PROPOSTA PARA A ESTRATEXIA GALEGA NESTE EIDO

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible encargará á Sociedade Galega de Educación Ambiental a elaboración dunha proposta para a nova estratexia galega neste eido. O departamento autonómico financiará este traballo cunha achega de 85.000 euros, segundo establece o convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

A Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA), unha institución sen ánimo de lucro composta por mestres e profesores con inquiredanzas ou funcións nesta materia así como por profesionais do sector, ten por obxectivo potenciar e profesionalizar a educación ambiental en Galicia. A Consellería recorreu a esta asociación para renovar a Estratexia Galega de Educación Ambiental do ano 2000 por considerar que dispón da infraestrutura, medios e profesionais experimentados e de recoñecido prestixio neste eido.

A SGEA elaborará un documento base que inclúa a análise e o diagnóstico da educación ambiental en Galicia, identifique os distintos axentes que operan neste sector na comunidade autónoma e determine as debilidades e fortalezas nesta materia. Propondrá ademais liñas de actuación e un sistema que permita avaliar e facer un seguimento das actuacións que se leven a cabo para a educación ambiental. A sociedade tomará como referencias para o seu traballo o documento *A década das Nacións Unidas da Educación polo Desenvolvemento Sostible (2005-2014)*; a Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible; e a Estratexia Galega de Educación Ambiental elaborada en 2000 e que precisamente, por considerala caducada, se pretende reformar e actualizar.



A XUNTA INVISTE 1.115.000 EUROS EN OBRAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS EN VALDOVIÑO, O IRIXO E FORNELOS DE MONTES

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través de Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, financiará, cun investimento total de 1.115.000 euros, obras de abastecemento e saneamento de augas en Valdoviño (A Coruña), O Irixo (Ourense), e Fornelos de Montes (Pontevedra). O Consello da Xunta, na súa reunión celebrada hoxe, aprobou os expedientes destas tres actuacións que realizará Medio Ambiente para mellorar a rede hidráulica de núcleos rurais destes tres municipios.

Valdoviño (A Coruña)

A consellería construírá, nunha primeira fase, a rede de abastecemento de auga potable en once parroquias deste municipio coruñés (nas de Tuimil, As Penas, Carreira, A Fraga, Mosende, A Pena, Mourente, A Bergaña, Aviño, A Vacariza e Vilar). A obra, cun prazo de execución de seis meses, custará 500.000 euros que Medio Ambiente achegará en dúas anualidades, entre este ano e o vindeiro. Nesta primeira fase do proxecto, executarase 3.925 dos 7.900 metros que terá, en total, a futura rede de abastecemento destes núcleos de Valdoviño.

O Irixo (Ourense)

Núcleos dependentes de mananciais que, durante as épocas de secas, carecen de suficiente caudal para subministrar a auga potable necesaria beneficiaranse dunha nova infraestrutura hidráulica de abastecemento e saneamento na que Medio Ambiente investirá 297.000 euros. A actuación, aprobada hoxe polo Consello da Xunta, consiste en crear redes de abastecemento nas zonas máis altas do val do río Víniao, como son os núcleos de Barcia, Paredes e Prexigueiro. Na marxe esquerda do canle, executarase un sistema de captación, canalización e distribución de auga para Barcia. En Prexigueiro, na marxe dereita, construírase unha rede semellante así como un sistema de depuración. O prazo de execución destas obras é de doce meses.

Fornelos de Montes (Pontevedra)

Medio Ambiente executará pequenas obras de saneamento de augas residuais en Fornelos de Montes, segundo o expediente que recibiu hoxe o visto e prace do Consello da Xunta. Trátase de construír a rede principal de colectores e a obra civil da depuradora que dará servizo aos núcleos de poboación de Santo Adrián de Calvos, que ata o de agora só teñen sistemas individuais. Esta actuación suporá un investimento total de 318.000 euros, que financiará integramente a consellería, e ten un prazo de execución de catro meses.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 229.300 EUROS NA CREACIÓN DE SENLLAS CANCEIRAS NA COMARCA DO SALNÉS E NO MUNICIPIO DE VIVEIRO

- ***A Dirección Xeral de Conservación da Natureza financiará a totalidade da obra, mentres que os concellos deberán achegar os terreos en que se sitúen as instalacións e ocuparanse da súa xestión e mantemento.***

A Consellería de Medio Ambiente financiará a construción de dous novos centros de recollida de animais vagabundos ou abandonados, que se situarán na Mancomunidade do Salnés, na provincia de Pontevedra, e no concello de Viveiro, en Lugo.

Nos dous casos, as obras serán financiadas polo departamento autonómico a través da súa Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Pola súa banda, os concellos implicados deberán poñer á disposición da consellería os terreos onde se construírán as instalacións, conceder os permisos necesarios para a súa execución e, posteriormente, desempeñar as funcións concretas de recollida e mantemento de animais vagabundos e abandonados. Así mesmo, os concellos serán os encargados de presentar á dirección xeral o proxecto técnico dos seus respectivos centros.

O Salnés

No caso da Mancomunidade do Salnés, a Consellería de Medio Ambiente investirá 169.300 euros na creación da canceira, un custo que financiará con cargo aos orzamentos deste ano e do vindeiro. O centro de recollida dará servizo a un total de nove concellos: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. Estes municipios, integrados na citada mancomunidade carecen dun centro con capacidade suficiente para cubrir as necesidades de todas as localidades. Aínda que existen dúas canceiras en Vilagarcía e Cambados, estas atópanse saturadas, polo que cobren con dificultade as necesidades das localidades en que se sitúan. A isto hai que engadir a situación que se produce no verán, ao aumentar a poboación e consecuentemente a problemática do abandono de animais.

Viveiro

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza investirá 60.000 euros na construción da canceira de Viveiro. O ámbito de funcionalidade do centro será o termo municipal, independentemente de que o dito concello poida efectuar convenios con outras localidades veciñas no referente á recollida e mantemento de animais vagabundos ou abandonados. A achega económica da consellería farase con cargo aos orzamentos deste ano e do vindeiro.



VIVENDA E SOLO FINALIZA A TRAMITACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE MUROS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 6,8 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Consello da Xunta aprobou o proxecto sectorial e de urbanización deste parque promovido pola SEA***
- ***Tamén dará o visto e praxe ao inicio do expediente de expropiación do 20% dos 181.400 metros cadrados necesarios. O 80% restante foi adquirido por acordo***

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o proxecto sectorial e o proxecto de urbanización do parque empresarial de Muros, promovido pola Sociedade Empresarial do Atlántico (SEA) na cal a Consellería de Vivenda e Solo participa nun 15%. O investimento previsto para a execución do parque é de 6,8 millóns de euros.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social as obras deste parque, así como a necesidade de ocupación dos terreos afectados. Con esta declaración dáse o visto e praxe ao inicio do expediente de expropiación do 20% dos terreos necesarios para a execución da obra. O 80% restante dos terreos foi xa adquirido por mutuo acordo cos seus propietarios.

O Parque Empresarial de Muros conta cunha superficie total de 181.400 metros cadrados, dos cales 92.124 metros cadrados son de uso empresarial e o resto vai destinado a equipamento público, servizos, rede viaria e aparcadoiro e zonas verdes.

En canto ao tamaño das parcelas, este parque contará con parcelas de 600 metros cadrados para uso terciario, parcelas de 3.000 metros cadrados para uso exclusivamente industrial, e parcelas de 1.000 metros cadrados que serán para uso industrial compatible con terciario en función da demanda.

Esta actuación inclúe a construción dun vial de 450 metros de lonxitude para conectar o parque coa estrada comarcal AC-400, e a través dela coa estrada C-550.



CAYETANO RODRÍGUEZ ESCUDERO, NOMEADO SECRETARIO XERAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- ***Tamén foi aprobado o decreto polo que se nomea a Julio Villar Barreiro como director da División de Asistencia Sanitaria deste organismo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos polos que se nomean a Cayetano Rodríguez Escudero como secretario xeral do Servizo Galego de Saúde e a Julio Villar como director da División de Asistencia Sanitaria deste organismo

Secretario xeral do Sergas

Médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, ten 57 anos. Substitúe no seu cargo a Antolín Rodríguez Martínez. Licenciado en 1977 comezou a súa actividade profesional no Hospital Provincial de Pontevedra e posteriormente traballou no Instituto Social da Mariña e no Insalud ata as transferencias sanitarias á Comunidade Autónoma.

Foi director do ambulatorio de Coia en Vigo, subdirector de Asistencia Sanitaria da Dirección Provincial do Insalud en Pontevedra. Entre 1997 e 1998 foi director xerente do Hospital Miguel Domínguez de Pontevedra e entre 1998 e 1999 director xerente do Hospital do Meixoeiro, en Vigo.

Na actualidade desenvolvía a súa profesión no Centro de Saúde de Pintor Colmeiro en Vigo. Foi colaborador de varias empresas de consultaría para a realización de estudos de planificación e organización de centros sanitarios, con especial referencia en plans de empresa e estratéxicos e reenxeñería de procesos.

É diplomado en Dirección de Hospitais da Escola de Xerencia Hospitalaria; está en posesión de media ducia de masters e varios cursos de xestión de xefes de servizo, de economía da saúde e de metodoloxía da investigación en atención primaria, entre outros. Foi profesor asociado de Saúde Pública na Escola Universitaria de Enfermaría da Universidade de Vigo.

Julio Villar Barreiro

Nado en Vigo hai 49 anos, é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago e diplomado en Sanidade Nacional e director médico de hospitais pola Escola Nacional de Sanidade. Desde marzo de 2001 ocupaba a xerencia do Instituto Galego de Medicina Técnica. Substitúe no seu cargo a Pablo Vaamonde García.

Ao longo da súa carreira profesional, Villar Barreiro ocupou distintos postos de traballo na sanidade galega. Exerceu a medicina durante varios anos no Servizo de Admisión e Documentación Clínica do entón Complexo Hospitalario Xeral – Cíes de Vigo e foi subdirector e mesmo director médico do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.



Antes de se facer cargo da xerencia do Instituto Galego de Medicina Técnica, ocupaba o cargo de director de asistencia sanitaria do Hospital Policlínico de Vigo.

Ao seu labor profesional engádense unha ampla actividade de carácter científico e docente que inclúe numerosas conferencias, comunicacións e publicacións no ámbito da xestión sanitaria.



O CONSELLO DA XUNTA ANALIZA UN INFORME DE METEOGALICIA QUE CONCLÚE QUE AS PRECIPITACIÓNS REXISTRADAS EN OUTUBRO NA COMUNIDADE SUPERAN OS PROMEDIOS DOS ÚLTIMOS 30 ANOS

- *Os datos recollidos na Estación Meteorolóxica de Lourizán triplican a media habitual do mes de outubro*
- *As estacións de Ferrol, Santiago, Lourizán e Ourense rexistran datos de precipitacións que superan os valores máximos dos últimos 30 anos*

O conselleiro de Medio Ambiente presentou esta mañá un informe no Consello da Xunta sobre as chuvias rexistradas na comunidade galega no mes de outubro que constata a excepcionalidade das precipitacións neste período. Segundo o documento de Meteogalicia, todos os valores superan amplamente o valor climático mensual e, no caso de Ferrol, Santiago e Lourizán, superan os valores máximos rexistrados na serie histórica dende 1973.

Nel salientan as medicións rexistradas na estación de Lourizán, nas que o acumulado entre os días 1 e 25 de outubro -716 mm- multiplica por 3,35 os valores medios do período 1973-2003 e supera en 120 mm o valor máximo da serie histórica, 596 mm no ano 1987.

Nesa mesma liña se sitúan os datos acumulados nas estacións de Ferrol e de Santiago. Polo que atinxe á primeira, neste mes triplicáronse as precipitacións habituais no período ao pasar de 120 mm de media entre 1973 e 2003 a 373 no que vai de mes. En canto a Santiago, pasouse de 217 mm de media a 444 mm, un incremento do 104%.

Na folla seguinte anéxanse dous cadros significativos. O primeiro deles recolle os valores de chuvia rexistrados nestes últimos días (período 19 ao 25 de outubro as 9:00) para un subgrupo de estacións da rede da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: as estacións de zonas que rexistraron unha chuvia máis intensa e as que consideramos as principais series, representativas dos maiores núcleos poboacionais (CIS Ferrol para a zona de Coruña, Santiago, Campus Lugo, Ourense-Ciencias e Lourizán en Pontevedra).

Como pode verse, destaca especialmente a provincia de Pontevedra, e moi especialmente a estación de Lourizán, que rexistrou 151 mm no día 22, valor que –a espera dunha validación posterior- sería o máximo rexistrado na estación de Lourizán dende o seu inicio, en 1958.

Outros valores a destacar no día 22 serían os 109 litros de Monte Aloia e os 73 de Fontecada (Santa Comba). Mencionar tamén que outros puntos non destacan especialmente pola chuvia rexistrada senón polo vento. Así, por exemplo, na estación de Castro Vicaludo, en Oia, a velocidade media foi de 60 km/h e o refacho máximo acadado foi de 145 km/h.



A táboa 2 mostra o informe climatolóxico do conxunto do mes. Compárase o valor acumulado do 1 ao 25 de outubro (ás 9:00) deste ano co valor promedio do mes de outubro da serie histórica máis próxima no período 1973-2003. Todos os valores superan amplamente o valor climático mensual.